

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

*RESOLUCIÓN do 23 de setembro de 2013 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2013/14.*

A Consellería do Medio Rural e do Mar, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Sanidade, contribúe a unha mellora dos hábitos alimenticios e a unha nutrición saudable do alumnado dos centros escolares de Galicia, a través do programa AliméntaT Ben. No marco do dito programa intégranse as accións da Consellería que teñen como obxecto a incidencia nos hábitos alimenticios do alumnado dos centros escolares de Galicia e que contribúen, así mesmo, á estabilización dos mercados destes produtos en Galicia, en especial do leite e dos produtos lácteos, así como das conservas de produtos do mar.

Desde o ano 2009 a Unión Europea, no marco da política agrícola común, conta co Plan de froita nas escolas, destinado á distribución de froitas e hortalizas nestas. O dito plan ten por obxectivo, a curto prazo, potenciar o consumo destes produtos pola xuventude, en virtude do seu aprovisionamento aos centros escolares, e, a longo prazo, trata de desempeñar un papel pedagóxico nos hábitos alimentarios, constituíndo unha auténtica acción educativa destinada a manter ou a fomentar nas escolas o hábito de consumo de froita.

O Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, modificado polo Regulamento (UE) nº 261/2012, do 14 de marzo, crea unha organización común de mercados agrícolas e establece disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM). No seu artigo 103 octies bis prevé unha axuda comunitaria para a distribución de froitas e hortalizas, froitas e hortalizas transformadas, plátanos e os seus produtos derivados, aos/ás nenos/as.

O Regulamento (CE) nº 288/2009 da Comisión, do 7 de abril, modificado polos Regulamentos (UE) nº 245/2010 da Comisión, do 23 de marzo, e 34/2011 da Comisión, do 18 de xaneiro, polo Regulamento de execución (UE) nº 1208/2011 da Comisión, do 22 de novembro, e máis recentemente polo Regulamento de execución (UE) nº 30/2013 da Comisión, do 17 de xaneiro de 2013, establece as disposicións de aplicación do antedito regulamento, no que atinxe á concesión dunha axuda comunitaria para a distribución de froitas e



hortalizas, froitas e hortalizas transformadas e produtos do plátano, aos/ás nenos/as nos centros escolares.

É de aplicación para a tramitación e concesión de axudas nesta comunidade autónoma a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño), así como no que resulta de aplicación, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, que regula os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo (DOG nº 251, do 30 de decembro), o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve, e o Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar e do Fondo Galego de Garantía Agraria, correspóndelle ao dito organismo, entre outras funcións, a execución da política da Consellería en relación coas accións derivadas da aplicación da política agraria común (PAC) e a concesión de axudas para o funcionamento da organización común de mercados agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, en aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no uso das facultades previstas no artigo 2 da devandita Lei 7/1994, do 29 de decembro,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras do réxime de axudas destinadas á distribución de froita ao alumnado de centros escolares na Comunidade Autónoma de Galicia e a convocatoria das ditas axudas para o curso escolar 2013/14, de conformidade co previsto no artigo 103 octies bis do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, e no Regulamento (CE) nº 288/2009 da Comisión, do 7 de abril.



## CAPÍTULO I

### Bases reguladoras

#### Artigo 2. *Destinatarios/as*

Deberán ser destinatarios/as da axuda os/as alumnos/as que asistan regularmente aos centros escolares localizados na Comunidade Autónoma, administrados ou recoñecidos polas autoridades competentes, que pertencen aos seguintes niveis de ensino:

- a) Educación infantil, segundo ciclo.
- b) Educación primaria.
- c) Educación secundaria obrigatoria.

#### Artigo 3. *Custos que se subvencionan e restricións*

1. As actividades que se subvencionan son os custos de adquisición no mercado da froita fresca.

2. A axuda concederáse ás froitas incluídas na definición do CAE (Código alimentario español) no seu capítulo XXII, sección 1ª, artigo 6, con excepción do tomate.

En atención a criterios de dispoñibilidade e ambientais, preferentemente optarase por froitas frescas de tempada obtidas na Comunidade Autónoma de Galicia, empregando na súa obtención sistemas de produción sustentables (agricultura ecolóxica ou integrada).

3. As froitas frescas distribuídas aos/ás escolares serán sempre de excelente calidade e atoparanse no seu grao óptimo de madureza de consumo.

4. As froitas frescas serán consumidas nas dependencias do establecemento escolar no momento do recreo. Con carácter excepcional, o centro escolar, logo de comunicación ao servizo territorial correspondente, poderá variar o lugar e o horario da repartición en función da programación anual das actividades escolares.

5. Os/as alumnos/as non serán destinatarios/as da axuda durante a súa estadía en colonias de vacacións, fóra do período lectivo.

#### Artigo 4. *Contía da axuda e período de repartición*

1. O importe máximo da axuda é de 0,25 euros por alumno/a e día lectivo.



2. A froita repartirase en períodos que constarán de 5 días lectivos consecutivos. Poderanse solicitar de un a catro destes períodos, de maneira consecutiva ou non, entre o 2 de decembro e o 20 de xuño, ambos os dous incluídos, do correspondente curso escolar.

3. O centro escolar poderá variar o/s período/s de repartición de froita concedido/s, logo de comunicación ao servizo territorial correspondente.

4. No suposto de que a contía das axudas solicitadas, que cumpran os requisitos exixidos, supere as dispoñibilidades orzamentarias da convocatoria, a concesión destas realizárase priorizando as solicitudes conforme os seguintes criterios:

a) Primeiro seleccionaranse os centros educativos que xa repartiron froita no curso anterior, segundo a resolución de concesión da autorización e da axuda da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) do 7 de setembro de 2012, e solicítasen o pagamento da axuda por valor do 90 % ou máis do importe total autorizado na dita resolución; dentro deste grupo terán prioridade os/as solicitantes de subministración para un período fronte aos/ás de dous, os/as de dous fronte aos/ás de tres, e estes/as sobre os/as de catro, reducindo sucesivamente nun período os estratos que fosen necesarios, pasando de catro a tres, de tres a dous e de dous a un período respectivamente, empezando a supresión polo último período de subministración prevista.

Se fose necesario axustar as solicitudes á cantidade orzamentada, no caso de empate no número de períodos solicitados polos centros escolares, o criterio que se empregará será o de dar preferencia aos centros con menor número de alumnos/as para que a axuda se distribúa entre o maior número de centros posible, dadas as características da xeografía galega no ámbito rural.

b) O resto de centros educativos serán beneficiarios do orzamento restante, de maneira que dentro deste grupo terán prioridade os/as solicitantes de subministración para un período fronte aos/ás de dous, os/as de dous fronte aos/ás de tres, e estes/as sobre os/as de catro, reducindo sucesivamente nun período os estratos que fosen necesarios, pasando de catro a tres, de tres a dous e de dous a un período respectivamente, empezando a supresión polo último período de subministración prevista.

Se fose necesario axustar as solicitudes á cantidade orzamentada, no caso de empate no número de períodos solicitados polos centros escolares, o criterio que se empregará será o de dar preferencia aos centros con menor número de alumnos/as para que axuda se distribúa entre o maior número de centros posible, dadas as características da xeografía galega no ámbito rural.



**Artigo 5. *Presentación e tramitación da solicitude de autorización e de axuda***

1. Os/as solicitantes das axudas serán os centros escolares que pertencen aos niveis de ensino citados no artigo 2, que teñan a súa sede na Comunidade Autónoma de Galicia e sexan autorizados conforme o disposto neste artigo, e que cumpran o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os centros escolares que pretendan subministrar as froitas frescas deberán ser autorizados pola persoa titular da Dirección do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).

Para estes efectos, presentarán a solicitude de autorización e de axuda, contida no anexo II desta resolución. O prazo de presentación das solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 18 de outubro do correspondente curso escolar.

3. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel no servizo territorial do Fogga que corresponda no enderezo que se indica, ou por calquera outro dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Xefatura Territorial da Coruña. Servizo Territorial do Fogga. Praza Luís Seoane, s/n, 15008 A Coruña. Teléfono: 981 18 45 25. Fax: 981 18 45 59.	Xefatura Territorial de Lugo. Servizo Territorial do Fogga. Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo. Teléfono: 982 29 44 62. Fax: 982 29 44 11.
Xefatura Territorial de Ourense. Servizo Territorial do Fogga. Rúa Curros Enríquez, 1, 6ª, 32003 Ourense. Teléfono: 988 38 69 48. Fax: 988 38 69 40.	Xefatura Territorial de Pontevedra. Servizo Territorial do Fogga. Paseo de Cervantes, 7, 1º, 36002 Pontevedra. Teléfono: 986 80 54 55. Fax: 986 80 55 69.



No caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

4. A ordenación e instrución do procedemento de autorización e concesión da axuda corresponderá á Subdirección Xeral de Xestión da PAC do Fondo Galego de Garantía Agraria.

5. Non poderán obter a autorización, nin por tanto, concedérlles a axuda a aqueles que estean incurso nalguna das causas de prohibición que impiden obter a condición de beneficiario/a previstas na normativa aplicable en materia de subvencións.

#### Artigo 6. *Resolución de autorización e concesión da axuda*

Tendo en conta a solicitude e a documentación presentada a directora do Fogga, unha vez rematado o prazo previsto no punto 2 do artigo 5, resolverá no prazo de dous meses, entendéndose estimadas por silencio positivo aquelas solicitudes de autorización que non sexan resoltas e notificadas no devandito prazo e desestimadas por silencio negativo as solicitudes de axuda.

#### Artigo 7. *Modificación da resolución de concesión*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta resolución e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para o mesmo proxecto, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O importe da axuda concedida non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo dos produtos obxecto de subvención.

#### Artigo 8. *Obrigas dos/das beneficiarios/as das axudas*

Os centros escolares que distribúan froitas de acordo con esta resolución deberán:

a) Destinar a froita subvencionada exclusivamente ao alumnado de asistencia regular ao centro escolar, nas condicións previstas na resolución de concesión da axuda, para o consumo dentro do centro escolar, durante o horario do recreo, sen prexuízo do establecido no artigo 3.4 desta resolución.



b) Manter os produtos subministrados en correctas condicións de conservación, ata o momento da distribución ao alumnado.

c) Reembolsar o valor dos produtos recibidos, polas cantidades que corresponda, en caso de comprobar que os produtos non foron subministrados ás persoas destinatarias.

d) Facilitar toda a información que lles sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

e) Ter visible un cartel que se axuste aos requisitos mínimos establecidos no Regulamento (CE) nº 288/2009 modificado polo Regulamento (UE) nº 34/2011 da Comisión, do 18 de xaneiro, que se reflicten no anexo I desta resolución, e que estará exposto permanentemente na entrada principal dos centros nun lugar onde se poida ver e ler claramente.

f) Manter permanentemente actualizado un rexistro das compras e subministracións aos/ás alumnos/as dos produtos, que conterá como mínimo os datos que se recollen no anexo III.

#### Artigo 9. *Solicitudes de pagamento da axuda*

1. Os/as solicitantes autorizados/as solicitarán o pagamento da axuda conforme o modelo previsto no anexo IV e de acordo co establecido no artigo 5.3 desta resolución.

2. A solicitude de pagamento farase unha vez rematado cada período de subministración. O/a solicitante cubrirá a declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ás distintas administracións ou entes públicos para o mesmo proxecto, das concedidas por estas, e doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas que se inclúe nesta solicitude.

3. O prazo de presentación da solicitude de pagamento rematará o último día do terceiro mes seguinte ao mes en que se subministraron os produtos. Non obstante, cando o citado prazo se supere en menos de dous meses, admitiranse as solicitudes presentadas, reducíndose o seu importe nun 5 % se o atraso é igual ou inferior a un mes, e nun 10 % se é superior a un mes pero inferior a dous. Cando o prazo fixado se supere en dous meses, a axuda reducirase nun 1 % máis por cada día adicional.



4. Coa solicitude de pagamento da axuda achegaranse:

a) As correspondentes facturas (orixinal ou copia compulsada), que reflectirán, por separado, o custo total de cada produto subvencionado, así como unha proba do seu pagamento.

b) As certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, cando o/a solicitante denegue expresamente o consentimento segundo establece o punto 6 deste artigo.

5. O centro escolar comprométese a establecer unha conta corrente que manterá para todo o curso escolar. No caso de que esta conta varíe ou calquera dos datos contidos na solicitude inicial de autorización e de axuda, deberá poñelo en coñecemento do correspondente servizo territorial do Fogga.

6. Conforme o previsto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención polo/a interesado/a comportará autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, salvo que o/a solicitante denegue expresamente o consentimento, debendo presentar entón certificación nos termos previstos regulamentariamente.

**Artigo 10. *Controis das axudas***

O Fogga establecerá un plan de controis por período comprendido entre o 1 de agosto e o 31 de xullo, co obxecto de garantir o cumprimento da normativa aplicable a esta liña de axuda, de acordo co establecido no artigo 13 do Regulamento (CE) nº 288/2009.

**Artigo 11. *Pagamento das axudas***

1. Efectuados os controis pertinentes, os servizos territoriais do Fogga remitirán a oportuna proposta sobre as solicitudes presentadas, coa conformidade do subdirector xeral de Xestión da PAC, en que se certificará a adecuada xustificación da axuda e a concorrencia dos requisitos para o pagamento desta.

2. O prazo máximo de pagamento das axudas será de tres meses, contados a partir do día de presentación da solicitude no rexistro do servizo territorial do Fogga, correctamente cuberta e válida.





**Artigo 12. Irregularidades**

1. A existencia de irregularidades nos tipos de produtos subministrados, na calidade sanitaria ou comercial destes, na distribución incorrecta aos/as alumnos/as participantes, os erros cometidos na facturación e/ou na contabilidade, a falsidade de datos, a desviación dos produtos do seu destino e, en xeral, calquera impedimento, total ou parcial, para que a axuda repercuta directamente en beneficio dos/as alumnos/as, poderá implicar a suspensión ou retirada da autorización ou, se é o caso, a proposta de suspensión ou retirada, de acordo co previsto no artigo 13 desta resolución.

2. Sen prexuízo do anterior, a existencia de calquera irregularidade na execución na liña de axuda prevista nesta resolución poderá dar lugar á denegación ou minoración da axuda solicitada, de conformidade co disposto no artigo 14 desta resolución.

3. En todo caso, os/as beneficiarios/as das axudas están suxeitos ao réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Artigo 13. Suspensión e retirada da autorización**

1. A autorización poderá ser suspendida por un período dun a doce meses, ou retirada, pola persoa titular da Dirección do Fogga, atendendo á gravidade da infracción, polo incumprimento dalgún dos compromisos asumidos polo/a solicitante autorizado/a ou pola existencia das irregularidades previstas no artigo 12 desta resolución. As devanditas medidas non se imporán en caso de forza maior ou cando o Fogga determine que a infracción non se cometeu deliberadamente ou por negligencia, ou que sexa de pouca importancia.

2. No suposto de retirada, transcorrido un período mínimo de polo menos doce meses, poderá concederse unha nova autorización, por instancia do/a interesado/a, logo de valorar os antecedentes que motivaron a retirada da anterior.

**Artigo 14. Recuperación de pagamentos indebidos**

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda e dos xuros de demora producidos desde a notificación da obriga de reembolso segundo o establecido no artigo 80.2 do Regulamento (CE) nº 1122/2009 da Comisión, do 30 de novembro de 2009, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

2. De conformidade co disposto no artigo 7.1.d) do Regulamento (CE) nº 288/2009 da Comisión, do 7 de abril de 2009, en caso de fraude ou de negligencia grave, ademais da



recuperación dos pagamentos indebidos, o/a solicitante deberá aboar un importe igual á diferenza entre o importe pagado inicialmente e o importe a que ten dereito.

#### Artigo 15. *Recursos administrativos*

1. Contra as resolucións ditadas en aplicación desta resolución pola directora do Fogga poderase interpoñer recurso de alzada ante o/a presidente/a do dito organismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 107, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Se a resolución non fose expresa, o prazo será de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

### CAPÍTULO II

#### **Convocatoria das axudas para o curso escolar 2013/14**

#### Artigo 16. *Axudas obxecto da convocatoria*

Mediante a presente resolución convócanse para o curso escolar 2013/14 as axudas para a subministración das froitas frescas incluídas no Plan de consumo de froita nas escolas sinaladas no artigo 3 desta resolución aos/as alumnos/as que asistan regularmente aos centros escolares.

#### Artigo 17. *Autorización como subministrador/a de produtos subvencionados e solicitude de axuda*

Os/as solicitantes que queiran participar na liña de axuda de subministración de produtos incluídos no Plan de consumo de froita nas escolas deberán solicitalo ao Fondo Galego de Garantía Agraria, segundo o modelo que figura no anexo II. O prazo para presentar as solicitudes correspondentes ao curso escolar 2013/14, iniciárase o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 18 de outubro de 2013, ambos incluídos.

#### Artigo 18. *Solicitudes de pagamento*

As solicitudes de pagamento presentaranse na forma e prazo dispostos nos artigos 5.3 e 9.3 desta resolución e conforme o modelo do anexo IV.

#### Artigo 19. *Financiamento*

1. Estas axudas cofináncianse con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) nunha porcentaxe dun 75 % e ao orzamento da Xunta de Galicia nunha porcentaxe dun 25 %.



2. Esta convocatoria finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 12.80.713F.779.0 do orzamento de gastos do Fogga para o curso 2013/14, por importe máximo de 131.000 €.

Da contía máxima serán imputables á anualidade corrente 10.000 euros.

As ditas dotacións orzamentarias poderán incrementarse, se fose procedente, con outros fondos procedentes do Fondo Europeo Agrícola de Garantía, dos orzamentos xerais do Estado e da Comunidade Autónoma.

Nese suposto tramitarase o oportuno expediente de xeración, ampliación ou transferencia de crédito.

3. En todo caso, a concesión das axudas condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente e limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias.

#### Artigo 20. *Controis*

Para o curso escolar 2013/14 a porcentaxe de controis sobre o terreo previstos no artigo 10 abranguerá, polo menos, un 5 % da axuda e un 5 % dos/as solicitantes.

#### Artigo 21. *Publicidade das axudas*

Nos termos establecidos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Fogga publicará no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas. En calquera caso, de conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta resolución, polo que a presentación da solicitude de axuda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as beneficiarios/as e da súa publicación na citada páxina web.

#### Disposición adicional única

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2013

Patricia Ulloa Alonso  
Directora do Fondo Galego de Garantía Agraria



## ANEXO I

**Requisitos mínimos que debe cumprir o cartel sobre o Plan de consumo de froita nas escolas**

Tamaño do cartel:	A3 ou maior
Letras:	1 centímetro ou máis
Título:	Plan de consumo de froita nas escolas
Contido:	Deberá figurar, cando menos, a seguinte frase, que se adaptará en función do tipo de centro escolar: «O noso (tipo de centro escolar (xardín de infancia, centro de preescolar, escola) participa no Plan de consumo de froita nas escolas coa axuda financeira da Unión Europea» O cartel levará o emblema da Unión Europea





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

## ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>AUTORIZACIÓN E AXUDA PARA A DISTRIBUCIÓN DE FROITA FRESCA AO ALUMNADO DE CENTROS ESCOLARES DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR269A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

CURSO: 2013/14

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

**SOLICITO**

Ser autorizado/a para a subministración de froitas frescas, segundo as condicións incluídas no Plan de consumo de froitas nas escolas, aos/ás alumnos/as do centro escolar que asisten regularmente.

**COMPROMÉTOME A**

- Destinar os produtos financiados ao consumo polos/as alumnos/as do noso centro escolar no horario correspondente ao recreo.
- Reembolsar as axudas aboadas de xeito indebido polas cantidades que corresponda, no caso de que se comprobe que os produtos non se subministraron aos/ás nenos/as de conformidade co artigo 2, ou que a axuda se pagou por produtos que non son subvencionables en virtude da presente resolución.
- No caso de fraude ou negligencia grave, pagar un importe igual á diferenza entre o importe aboadado inicialmente e o importe a que o/a solicitante ten dereito.
- Poñer os documentos xustificativos á disposición das autoridades competentes, cando estas o soliciten.
- Someterse a calquera medida de control establecida polo Fogga, en particular no que respecta á comprobación dos rexistros e a inspección física.
- Establecer unha conta corrente, para todo o curso escolar, onde se fará o ingreso da axuda.
- Comunicar as variacións que sufran os datos achegados polo centro escolar (número de conta bancaria, nome e NIF do centro, períodos de repartición etc.) ao Fogga.

O incumprimento total ou parcial destas obrigas implicará a perda da condición de subministrador/a autorizado/a, sen prexuízo das sancións que correspondan polas infraccións en materia de subvencións e axudas previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DECLARO**

- Que a distribución dos produtos no centro se realizará baixo as seguintes premisas:

	LUGAR (patio etc.)	HORARIO	ALUMNOS/AS
02 (Educación infantil, segundo ciclo)			
11 (Educación primaria, primeiro ciclo)			
12 (Educación primaria, segundo ciclo)			
13 (Educación primaria, terceiro ciclo)			
21 (Educación secundaria obrigatoria)			
<b>TOTAL</b>			





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO II  
(continuación)

**DECLARO (continuación)**

- Que o período para o cal solicita a axuda abrangue (cubrir o/os que corresponda/n):

Primeiro período: Do día  ao día  (5 días lectivos consecutivos)

Segundo período: Do día  ao día  (5 días lectivos consecutivos)

Terceiro período: Do día  ao día  (5 días lectivos consecutivos)

Cuarto período: Do día  ao día  (5 días lectivos consecutivos)

(\*) O/s período/s de repartición deberán ser entre o 2 de decembro de 2013 e o 20 de xuño de 2014 ambos incluídos.

- En caso de ter días non lectivos fixados polo propio centro, comprendidos no período solicitado, indicar a data

- Cun total de  días lectivos de repartición da froita (mínimo 5 días e máximo 20).

- Que o centro dispón de comedor:  SI  NON

- Tipo de centro:  Público  Privado  Concertado

E, con base nos datos que declaro **SOLICITO** a concesión da axuda correspondente, tendo en conta que o importe máximo para cada pagamento da axuda é de 0,25 € por alumno/a e día lectivo.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 23 de setembro de 2013 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2013/14.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de

galicia

Servizo Territorial do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) de



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



ANEXO III  
**Rexistro de compras e subministración de produtos**

Data de compra	Nome ou razón social do/da subministrador/a	NIF do/da subministrador/a	Produto	Quilos

Data de repartición	Produto	Nivel de ensino	Número de alumnos/as aos/ás que se reparte	Quilos





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

ANEXO IV

PROCEDEMENTO <b>PAGAMENTO DA AXUDA PARA A DISTRIBUCIÓN DE FROITA FRESCA AO ALUMNADO DE CENTROS ESCOLARES DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR269B</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

CURSO: 2013/14

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>							
RAZÓN SOCIAL							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>DATOS BANCARIOS</b>							
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			

O/A solicitante, cuxos datos se consignan anteriormente, debidamente autorizado/a para este fin concreto, e con base nos datos que se sinalan na seguinte táboa certifica que durante o período comprendido entre  e o  (5 días lectivos consecutivos) sinalado no anexo II, subministrou a  alumnos/as (indicar o número) os seguintes produtos:

PRODUTO	CANTIDADE SUBMINISTRADA EN QUILOS	IMPORTE
CUSTOS TOTAIS DE ADQUISICIÓN DOS PRODUTOS		

**SOLICITA:** o pagamento da axuda conforme o previsto na normativa vixente, por un total de , e solicita o ingreso desta axuda na conta bancaria sinalada para o pagamento.

**ACHEGA:** as correspondentes facturas, que reflectirán, por separado, o custo total de cada produto subvencionado (base imponible máis IVE), así como unha proba do seu pagamento, e unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ás distintas administracións ou entes públicos para o mesmo proxecto, das concedidas por estas, e doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.







**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

**ANEXO IV**  
(continuación)

**DECLARA** que en relación con outras axudas:

- Non se solicitou nin foi concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e concepto para os que se solicita esta axuda.
- Si se solicitou e/ou ten concedidas axudas para este mesmo proxecto e concepto para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ADMINISTRACIÓN	IMPORTE (€)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 23 de setembro de 2013 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o curso escolar 2013/14.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

,  de  de





Servizo Territorial do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) de



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

